

A Sala desde dentro

Este texto intentará explicar o que foi A Sala, como xurdiu e como fomos construíndo unha sorte de itinerario orgánico e, moitas veces, espontáneo. Aínda que desde fóra é difícil ter unha perspectiva acertada, espero transmitirvos a través destas palabras a verdadeira importancia deste proxecto.

A Sala xurdiu dunha necesidade compartida por António Lago¹ e Susana Chiocca. Basicamente, esta aventura consistiu en presentar traballos artísticos fóra dos espazos institucionais aproveitando, para iso, o salón da nosa casa como centro neuráxico da actuación.² Esta idea xorde cando compartiamos piso en Lisboa; un piso que tiña un soto que nos parecía perfecto para presentar proxectos realizados por artistas. Finalmente, esta idea fíxose realidade cando nos trasladamos a Porto. Será nesta cidade, concretamente no ano 2006, cando nos decatamos de que, fóra das institucións oficiais, non existían espazos para a arte; concretamente, espazos onde puidésemos facer/ver performance.³ Esta situación de parálise xeral parecíanos increíble e aumentaba a nosa urxente necesidade de experimentar e de mostrar proxectos artísticos de carácter non-institucional.

Por todo iso, en abril dese mesmo ano, decidimos abrir o salón da nosa casa, que estaba situada no centro de Porto.⁴ Os traballos alí presentados centrábanse na performance, aínda que tamén se mostraron proxectos de áreas que ían desde as artes visuais ata a

¹António Lago é actor, *performer* e escenógrafo. É licenciado en Teatro pola École Internationale de Théâtre Jaques le Coq en París. Dirixiu varias pezas de teatro co grupo Só. Desde 1994 presenta o seu traballo tanto en Portugal como no estranxeiro.

²É importante non esquecer que A Sala se foi encadrando no contexto de espazos non-institucionais que empezou en 1999 con Caldeira213 e wcContainer. Desde entón, foron xurdindo varios proxectos cunha traxectoria e duración diversas. Estas experiencias funcionaban como plataforma para que os artistas puidesen ensinar os seus traballos cunha maior regularidade que a que podían ter traballando —unha vez ao ano— cunha galería.

³Reforzando este desolador panorama debemos recordar o peche do Salón Olímpico, un dos escasos espazos alternativos da cidade nesa época. O seu final levou por diante un prometedor encontro anual de performance.

⁴De aí o nome de A Sala.

música.⁵ O espazo estivo activo desde 2006 a 2010. As presentacións realizábanse unha vez ao mes agás os meses de agosto e setembro. Así, con relativa frecuencia, debiamos baleirar o salón que en realidade funcionaba máis como un *atelier* onde os artistas tiñan un espazo para desenvolver todo o proceso do seu traballo. Dependendo dos traballos e das necesidades dos artistas o salón podía estar dispoñible para o artista durante a semana previa á presentación.⁶ Non obstante, o normal era que o artista entrase en contacto co espazo dous ou tres días antes. Deste modo, o que inicialmente era unha proposta de convite para a presentación dunha performance mensual foi tomando peso e consistencia. Ao mesmo tempo, o proxecto converteuse nunha boa oportunidade para nós, pois tiñamos o privilexio de achegarnos aos procesos, ás súas dúbidas, ás súas solucións e coñecer realmente desde dentro o que os artistas estaban a desenvolver.

A Sala ía funcionando de forma case espontánea: nós conseguíamos o material que os artistas necesitaban (sempre prestado doutros artistas e amigos: o proxector, o DVD, un equipo de son profesional, incluso as cámaras para filmar os proxectos). Queda claro que o proxecto non sería posible sen a dispoñibilidade dos artistas para traballar baixo mínimos. O artista invitado debía prover case todo: a produción do proxecto, os gastos de viaxe, as axudas de custo, a estadía etc. Nós abriamos o salón, baleirabámolo e faciamos a divulgación con fotocopias en branco e negro. Repartiamos preto duns 600 programas de man e uns 20 carteis que colgabamos de —xeito selectivo— nalgúns bares, galerías de arte e outros espazos artísticos. A divulgación do evento tamén se facía por internet nun intento de chegar ao máximo número de persoas.

A verdade é que esta situación non era a máis cómoda para nós, xa que nos gustaría poder colaborar cos artistas con algunha axuda económica: por unha banda, non tiñamos nin queriamos apoios do Estado e, pola outra, tampouco nós estabamos a recibir ningún tipo de compensación económica, nin cobrabamos entrada. Tanto Antonio coma min somos artistas e sabemos o que custa cada proxecto, as horas investidas, a produción. A

⁵Ademais de performances, A Sala tamén acolleu o proxecto Recursos Humanos de Isabel Ribeiro, Nuno Ramalho e Susana Chiocca. Neste momento, tiñamos a necesidade de investigar a produción dos artistas que pasaban por A Sala. Neste sentido, a nosa intención era programar encontros nos cales as persoas invitadas presentaban as súas reflexións teóricas na área que estaban a investigar. Así, establecéronse tres bloques de charlas os domingos pola tarde, charlas que se dividían en tres sesións coa participación de tres ou catro persoas en cada sesión.

⁶Este foi o caso de Julian Saglio, que incluso fixo do espazo o seu fogar durante unha semana.

Sala concibíase como unha aventura colectiva onde ninguén obtiña rendemento económico e onde todo o mundo tiña moito que compartir e aprender. Con este grande esforzo común foi posible crear un espazo estable onde as persoas podían simplemente vir, ver, experimentar.⁷

Inicialmente as performances programábanse en dous pases consecutivos: o venres e o sábado pola noite. Este esquema cambiou rapidamente cara a unha soa presentación. Así se mantivo, salvo raras excepcións, ata o final. A partir de 2009 presentábase máis dunha performance por noite, o cal funcionaba moi ben xa que os espectadores podían acceder a dúas performances no mesmo día e espazo. Toda a boa enerxía que A Sala despedía fixo que a maioría dos artistas construísen traballos específicos para o espazo. Os proxectos presentados foron moi diferentes: houbo traballos que se desenvolveron no espazo urbano (Manuel Santos Maia, Ana Ulisses ou o proxecto sobre o castelo de Arraiolos dos arquitectos Ana Fernandes, Inês Bartolomeu e Nuno Pedrosa); outros en que se buscaba unha maior proximidade co público (Rogério Nuno Costa e Dinis Machado)⁸; outros en que se solicitaba a participación directa do espectador (Carla Filipe ou Ângelo de Sousa e Carla Cruz); mesmo chegamos a programar pequenos concertos (Margarida Mestre ou Catarina Miranda) ou outro tipo de procesos bastante máis dilatados no tempo (Vera Sofia Mota e Dandy).⁹

A programación construíase sen unha liña curatorial determinada. Nós realizabámoslles os convites aos artistas cos que nos identificabamos e que o seu campo de traballo circulaba arredor da performance. Un tempo despois algúns artistas e grupos contactaron con nós directamente con ganas de presentar os seus traballos. A Sala abriulles as portas xenerosamente. Deste modo, foi posible combinar dúas propostas distintas que se ían

⁷Paralelamente á presentación dos proxectos había sempre algo para picar e beber. A maioría das veces as presentacións remataban e quedabamos charlando no salón, na coziña, na entrada, nun ambiente realmente distendido, algo moi afastado das constrinxidas inauguracións oficiais.

⁸Nuno Costa presentaba o seu traballo no domicilio das persoas e Machado invitaba os espectadores a permanecer na súa instalación todo o tempo que considerasen oportuno.

⁹A Sala programou en total 33 performances, coorganizou outros tres eventos no seu espazo co colectivo Piso, con Canino em Dor e coa asociación Hèlastre, respectivamente. Ademais, tamén acolleu un proxecto do festival de performance Trama.

complementando. Para nós A Sala era un espazo de discusión e de posibilidade; unha especie de laboratorio onde o erro estaba permitido.¹⁰

Un dos obxectivos do proxecto era integrar artistas que se expresaban cun proceso performativo pero que podían proceder de diversas áreas e xeracións. Se falamos de área de traballo, a maioría tiña unha formación en artes visuais, en música, en danza, en arquitectura ou en teatro e algún deles tiña unha formación interdisciplinaria. Se pensamos en xeracións, un gran número de artistas que pasaron por A Sala pertencían á nosa xeración¹¹ (António Olaio, Albuquerque Mendes, Margarida Mestre e Regina Guimarães, entre outros). Ademais deste grupo tamén programamos creadores máis novos como, por exemplo, Dinis Machado, Vera Sofia Mota, Partícula Colectivo, Loup Abramovici, João Maia e Silva, Maria Lemos.¹² No capítulo da programación, o máis complicado para A Sala foi traer persoas doutros lugares. Aínda así e a pesar de que os gastos orixinados eran maiores, puidemos contar coas achegas de artistas de Lisboa (Gustavo Sumpta, Dinis Machado, Rogério Nuno Costa, Margarida Mestre, Vera Sofia Mota, Maria Lemos), de Coímbra (António Olaio), de España (Santiago López e Carlos Tejo) e de Francia (Julian Saglio).

O público que asistía aos eventos programados na Sala adoitaba ser coñecido e habitual. Por esa razón, cando alguén novo chegaba espertaba, inevitablemente, a nosa curiosidade. Como é de supoñer, dependendo do artista había máis ou menos público¹³ e, incluso, podían aparecer outro tipo de espectadores que, en principio, tiñan outros intereses que se afastaban da performance.

Aínda que xa necesitaba, desde había moito, recuperar o salón da miña casa como un espazo privado, a verdade é que sigo botando de menos —a pesar do estrés que iso me

¹⁰Creo que esta é unha posibilidade cada vez máis vetada aos artistas e foi unha gran batalla do coreógrafo João Fiadeiro, que vía a necesidade e a urxencia de constituír en Portugal unha serie de espazos intermedios, de experimentación, onde se puidesen mostrar traballos en proceso. Lamentablemente, continúan sendo pouquísimos os espazos con estas características.

¹¹Persoas nados nos anos setenta.

¹²Algúns artistas que quedaron pendentes na programación da Sala puideron presentar o seu traballo noutro proxecto que organiciei o ano pasado, O Dizer do Corpo, que tivo lugar no Espaço Ilimitado, tamén no Porto.

¹³Segundo o artista programado chegamos a ser corenta espectadores. Felizmente, nunca fomos menos de dez.

producía— abrílle a porta á xente, mostrar arte na miña propia casa. Teño que agradecerlles aos amigos e, sobre todo, aos artistas que creron no proxecto e o fixeron posible; tampouco podo esquecer o público e, en especial, os que case sempre estaban aí.